

CLUB NATACION SARVAL ARTEIXO

X CERTAME DE TARXETAS DE NADAL CLUB NATACIÓN ARTEIXO

BASES:

1.- O presente regulamento pretende potenciar a creatividade e o compromiso dos deportistas do clube, valorando a orixinalidade e o esforzo, para a creación dunha **Tarxeta de Nadal**, que será enviada a todos os colaboradores do club co galo das **festas do Nadal 2015**.

2.- A temática da tarxeta será **o deporte da Natación e o Nadal**, deixando total liberdade para o proceso creativo. Poderá levar texto, debuxos, fotos, collages, etc, tanto na portada coma na contraportada. No interior o autor felicitará o Nadal de parte do CLUB NATACIÓN SARVAL ARTEIXO. As tarxetas levarán o nome completo do autor nun documento adxunto, no interior da mesma.

3.- Valorarase a orixinalidade, creatividade e o traballo aportado, así como a idade do participante e os recursos empregados.

4.-Xurado. Estará composto por sete persoas designadas por sorteo: un representante da xunta directiva, un adestrador, un pai, e un nadador de cada categoría: absoluta, infantil, alevín, e benxamin.

5.-**Prazo de entrega.** As tarxetas depositaranse no buzón do club antes do **martes 1** de decembro as 22.00h., estarán expostas na piscina municipal ata o **venres 4** de decembro, cando será a votación para elexir a gañadora ás 20.00h.

6.-**Premios.** O gañador recibirá un **agasallo**, un **pinto** de metacrilato e un **diploma** acreditativo da súa obra. Ademáis, a tarxeta estará colgada na web: www.natacionarteixo.com, onde poderá descargarse.

7.-**Formato.** A tarxeta será de **cartulina tamaño cuartilla** e de calqueira cor, debendoa adquirir o participante pola súa conta .

8.- O Club porá ao servizo dos participantes o logo do club, así como fotos a través da páxina web, para as tarxetas que concursen en formato informático (pdf.,ppt...).